

## ORDE PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS A PARTIR DE SETEMBRO

### Aprobado en Consello Escolar o 5 de Abril de 2017

A superación das Probas de Acceso a G.E. e G.P. non garante a obtención de praza.

A adxudicación das prazas vacantes que poidan xurdir, outorgaranse a partir do mes de Setembro seguindo a seguinte orde e respectando a normativa vixente:

#### **1. ASPIRANTES CUNHA ÚNICA ESPECIALIDADE (excepto traslados):**

##### **1.1 Alumnos/as APROBADOS SEN PRAZA por orde descendente de 6º a 1º de G.P. e de 4º a 2º de G.E.**

Dentro de cada curso a orde na listaxe será en función da cualificación obtida na proba de acceso.

En caso de empate na cualificación os criterios para o desempate serán:

1º Os aspirantes ordenaranse de menor a maior idade.

2º Utilizarase a letra do primeiro apelido e configurarase unha listaxe por orde alfabética e de xeito ascendente, usando a letra saínte na resolución anual pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire a **Admisión e matriculación do alumnado en Centros Públicos en Galicia para o curso 2018-19 (letra "Z")**.

##### **1.2 Alumnos/as APROBADOS SEN PRAZA en 1º de G.E.**

1º - Opción B: ESCOLLER A LISTAXE DE ESPERA DO INSTRUMENTO ELIXIDO no documento de inscrición para a Proba de Acceso, por orde de puntuación resultante da Proba de Acceso

2º - Opción C: ESCOLLER A LISTAXE DE ESPERA DOUTRO INSTRUMENTO DIFERENTE AO ELIXIDO no documento de inscrición para a Proba de Acceso por orde de puntuación resultante da Proba de Acceso

3º - CAMBIO DE LISTAXE DE ESPERA ao final da reunión por orde de puntuación resultante da Proba de Acceso

4º - Aspirantes que non asistiron a reunión ou non presentaron solicitude algunha e por orde de puntuación resultante da Proba de Acceso

#### **2. SOLICITUDES DE TRASLADOS**

**Solicitudes de traslado dende outros centros por orde descendente de 6º a 1º de G.P. e de 4º a 1º de G.E.**

Dentro de cada curso a orde na listaxe será de menor a maior idade.

En caso de empate utilizarase a letra do primeiro apelido e configurarase unha listaxe por orde alfabética e de xeito ascendente, usando a letra saínte na resolución anual pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire a **Admisión e matriculación do alumnado en Centros Públicos en Galicia para o curso 2018-19 (letra "Z")**.

### **3. ASPIRANTES A UNHA SEGUNDA ESPECIALIDADE**

**Alumnos/as APROBADOS SEN PRAZA por orde descendente de 6º a 1º de G.P. e de 4º a 2º de G.E.**

Dentro de cada curso a orde na listaxe será en función da cualificación obtida na proba de acceso.

En caso de empate na cualificación os criterios para o desempate serán:

1º Os aspirantes ordenaranse de menor a maior idade.

2º Utilizarase a letra do primeiro apelido e configurarase unha listaxe por orde alfabética e de xeito ascendente, usando a letra saínte na resolución anual pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire a **Admisión e matriculación do alumnado en Centros Públicos en Galicia para o curso 2018-19 (letra "Z")**.

**Esta listaxe estará vixente ata o 15 de Novembro do curso en vigor.**